

ACTIVIDADE TRATAMENTO:

1. REXISTRO DE ACCESO E CONTROL DE SEGURIDADE

RESPONSABLE

Parlamento de Galicia.

[http:// www.parlamentodegalicia.gal](http://www.parlamentodegalicia.gal)

Enderezo postal: Rúa Hórreo nº 63. 15701. Santiago de Compostela

Correo electrónico ao que tamén poder dirixirse no suposto de querer exercer os dereitos de acceso, rectificación, oposición, limitación ou supresión: pdcp@parlamentodegalicia.gal

Teléfono: 981 551 300

DELEGADA DE PROTECCIÓN DE DATOS

Letrada do Parlamento de Galicia, D^a María Aneiros González

Dirección postal: Rúa Hórreo nº 63. 15701. Santiago de Compostela

Correo electrónico: dpd@parlamentodegalicia.gal

BASE XURÍDICA DO TRATAMENTO

Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercizo de poderes públicos (art. 6.1.e. do RXPD).

FINS

Rexistro e control de tódalas persoas que acceden ao Parlamento de Galicia. O Parlamento de Galicia trata os datos de carácter persoal para garantir que os accesos á Cámara se realicen de forma segura e eficaz.

CATEGORÍAS DE INTERESADOS

Tódalas persoas que acceden ao recinto do Parlamento de Galicia por calquera circunstancia.

CATEGORÍAS DE DATOS PERSOAIS

Datos persoais: Datos de carácter identificativo: nome, apelidos, dirección, teléfono, DNI/NIF, pasaporte ou calquera documento acreditativo de identidade, e número da Seguridade Social.Imaxe.

DESTINATARIOS

Os datos de carácter persoal son tratados polo Parlamento de Galicia e pola dotación de seguridade (Unidade Adscrita da Policía Nacional á Comunidade Autónoma de Galicia,e empresas de prestación dos servizos de vixianza e seguridade e mantemento dos equipos).

Non están previstas cesións de datos, agás, nos casos de que exista obriga legal, aos Corpos e Forzas de seguridade, órganos xudiciais, Ministerio Fiscal.

Non están previstas transferencias internacionais de datos.

CONSERVACIÓN DOS DATOS

Conservaranse de xeito permanente con fins de arquivo os datos de carácter do persoal da Cámara e deputadas/os, e calquera outra persoa que mantivera unha vinculación especial co Parlamento.

Conservaranse durante un mes os datos de carácter persoal do resto das persoas que tiveran accedido ao Parlamento de Galicia.

MEDIDAS TÉCNICAS E ORGANIZATIVAS DE SEGURIDADE

Avaliación de risco: As medidas de seguridade implantadas para garantir a seguridade dos datos de carácter persoal correspóndense coas previstas no Anexo II (Medidas de seguridade) do Real Decreto 3/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónica, e o Real Decreto 951/2015, de 23 outubro, de modificación do Real Decreto 3/2010.

Responsable de seguridade TIC: Oficialía Maior. Servizo de Tecnoloxías da Información.

Procedementos e sistemas de seguridade: conforme ao disposto na normativa interna de aplicación: “Política de Seguridade da Información do Parlamento de Galicia”.